

# *Informe anual de transparencia 2019*





---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

### *Contido*

Introdución

Grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa

Estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública

Portal de transparencia.

A relación de reclamacións presentadas contra a denegación de solicitudes de acceso

Posición nos rankings de transparencia

Información de contacto

---

---

---

---

---


---

---

---

---

---



## Introdución

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013) e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016), inclúen as universidades públicas e as entidades vinculadas ou dependentes delas no seu ámbito de aplicación.

A Universidade de Vigo, en virtude da súa potestade regulamentaria e de autoorganización, desenvolve no seu ámbito as disposicións que as leis anteditas indican. Neste senso apróbase, en sesión do Consello de Goberno do 9 de outubro do 2017, o regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo. Dito regulamento establece na universidade os mecanismos e os procedementos internos relacionados coas obrigas de publicidade activa, co dereito de acceso á información pública e co bo goberno.

Por outra banda, a Universidade de Vigo leva anos comprometida coa transparencia e o rendemento de contas ao publicar a información sobre os resultados da súa actividade a través da súa páxina web. O froito deste compromiso, e das obrigas e os compromisos das distintas normativas, trasládanse ao regulamento, o que permiten situar a Universidade de Vigo entre as administracións máis activas e responsables. Neste senso, o regulamento amplía as obrigas de información que debe ser publicada, ao recoller a previsión do artigo 6.2 da Lei 1/2016, que permite un réxime máis amplo en materia de publicidade activa. Regúlanse así

mesmo os rexistros de actividades e de bens patrimoniais dos altos cargos, completando a normativa aplicable. Desenvólvense igualmente aspectos relacionados co bo goberno, o goberno aberto e os mecanismos de participación cidadá e da comunidade universitaria.

No devandito regulamento tamén se establece no artigo 22 a obriga, por parte da Secretaría Xeral e en coordinación coa Unidade de Análises e Programas, de realizar un informe anual relativo ao grao de cumprimento da normativa de transparencia. Dito informe recollerá:

- a) A avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta normativa.
- b) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública.
- c) Os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos.
- d) A relación de reclamacións presentadas contra denegacións de solicitudes de acceso e do sentido da súa resolución por parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

En cumprimento do anterior realízase o seguinte informe anual correspondente ao ano 2019, co contido seguinte: avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte da Universidade de Vigo e dos restantes suxeitos obrigados, estatísticas relativas ao dereito de acceso, datos sobre a información consultada

no Portal de transparencia e a relación de reclamacións presentadas contra a denegación de solicitudes de acceso e do sentido da súa resolución por parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

A Universidade de Vigo atópase en pleno proceso de aliñamento das súas políticas coa Axenda 2030, orientando a súa estratexia de responsabilidade social cara a consecución dos denominados 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). As diversas actuacións en transparencia que se presentan neste informe axudan á nosa Universidade no cumprimento do **ODS 16**, en particular, a **meta 16.6** que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade.

A cuestión máis destacable deste informe de transparencia de 2019 é o alto grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa, cumprindo xa durante o ano con todas as obrigas, incluíndo a publicación das viaxes institucionais que se atopaba pendente.

No relativo ás solicitudes de dereito de acceso, cun total de 26, percíbese un aumento dun 30% no número de peticións con respecto ao 2018. No 2019 temos: unha denegación dunha solicitude de dereito de acceso, unha concesión parcial e unha solicitude arquivada. Non existen reclamacións durante este 2019, presentadas ante a Comisión de Transparencia de Galicia, pola denegación do dereito de acceso.

En relación coa información máis consultada no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo, produciuse un aumento dun 2,24 % das visitas reais, con respecto ao 2018, acadando un total de 70.470 accesos. “UVigo en cifras” segue a ser o apartado do Portal que maior número de visitas recibe, acadando o 57,60 % das mesmas.

Con respecto á posición da Universidade de Vigo nos rankings, hai que destacar que a Fundación Compromiso e Transparencia volve publicar o seu ranking na anualidade do 2019, co nome “Exame de transparencia 2018. Informe de transparencia voluntaria na web das universidades españolas”. Nesta anualidade a UVigo volve a estar entre as universidades transparentes ocupando a sexta posición. Por outra banda na clasificación de transparencia da entidade Dyntra, a UVigo acadou en decembro do 2019, unha terceira posición.



## *Grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa*

### *Universidade de Vigo*

A Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dedica o seu capítulo II, do título I, á publicidade activa, indicando cales deben ser os principios xerais e cal debe ser a información que está suxeita á mesma. Os suxeitos da lei están obrigados a publicar, de forma periódica e actualizada, a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública. Así, debe ser obxecto de publicidade activa: a información institucional, organizativa e de planificación; información de relevancia xurídica e información económica, orzamentaria e estatística. Tamén a Lei galega 1/2016, de transparencia e bo goberno, dedica o seu capítulo II, do título I, a establecer cales son as obrigas de publicidade activa, adicionais ás fixadas pola normativa básica e que tamén amplían as establecidas pola Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Marcando novas obrigas de publicidade sobre información institucional, de relevancia xurídica ou de materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

O Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 09/10/2017, tamén ocupa o seu capítulo II á publicidade activa. No seu artigo 5 indícase

que a Universidade e as demais entidades incluídas no ámbito de aplicación do antedito regulamento publicarán a información prevista na lexislación estatal e autonómica de transparencia. Ademais publicará información sobre a actividade docente, a actividade investigadora e a transferencia do coñecemento e actividade de extensión universitaria.

No artigo 7 do Regulamento de transparencia da nosa Universidade, indícase que se disporá dun portal web que facilita o acceso gratuíto da cidadanía á información suxeita ás obrigas de publicidade activa de xeito claro, accesible, estruturado, interoperable e reutilizable. A información publicada no portal será actualizada permanentemente, con indicación expresa da data a última actualización e, de ser posible, a data en que se volverá actualizar.

Atendendo as obrigas recollidas na normativa anterior créase unha táboa de obrigas de publicidade activa que debe cumprir a Universidade de Vigo. Dita táboa, recolle unha descrición da información que debe ser publicada, o apartado do portal no que debe ser publicado, a fonte dos datos publicados, a quen corresponde a responsabilidade de publicación, a norma e artigo que recolle a obriga de publicación, e o momento da actualización periódica.

Das obrigas de publicidade activa, na Universidade de Vigo non se cumpría á relativa á información sobre as viaxes dos altos cargos con indicación dos obxectivos regulado no artigo 10.m da Lei 1/2016. No 2019 realízase a publicación das viaxes institucionais do novo equipo de goberno correspondentes ao ano 2018.

Debemos ter en conta que o número de indicadores (preceptos legais) veñen marcados pola normativa de aplicación á UVigo. Así vemos que na “Ley 19/2013 de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno”, implica a necesaria publicación dun total de 19 indicadores relativos á: información institucional, organizativa e de planificación, información de relevancia xurídica e información económica, orzamentaria e estatística.

Con respecto á Lei autonómica 1/2016, de transparencia e bo goberno, é necesaria a publicidade dun total de 50 indicadores, referentes ás seguintes áreas: información institucional, organizativa e de planificación, información sobre as relacións coa cidadanía, información de relevancia xurídica, información en materia de persoal, información económica, orzamentaria e estatística, información patrimonial, información sobre a contratación pública, información sobre a concesión de servizos públicos e información sobre subvencións.

Finalmente o Regulamento de transparencia da UVigo recolle a obriga de publicar un total de 17 indicadores, a maior parte deles relacionados no apartado publicidade activa, no que atopamos información sobre: oferta académica, indicadores incluídos nos procedementos de verificación, seguimento e acreditación das titulacións oficiais, información sobre resultados de seguimentos e acreditación das titulacións oficiais, información sobre os resultados relacionados co rendemento académico, resultado de avaliación da docencia e das titulacións, información sobre o resultados dos programas de internacionalización, os indicadores de inserción laboral das persoas egresadas, guías docentes, perfil do profesorado, canles de representación e comunicación co alumnado, información sobre a estrutura de investigación e transferencia, así como composición dos grupos de investigación, información sobre os principais resultados da actividade investigadora, e sobre os resultados relacionados coa transferencia, resultados da oferta de cursos e obradoiros, así como das actividades culturais e deportivas. Tamén se publica a información propia do rexistro de actividades e bens patrimoniais de altos cargos, así como sobre os mecanismos de participación (cartas de servizo e sistema de queixas, suxestións e parabéns).

Como vemos son un total de 86 items, indicadores ou informacións detalladas que procuran aportar a máxima transparencia sobre a actividade da nosa institución. Información máis detallada do contido dos mesmos pode atoparse no cadro de obrigas de publicidade activa que pode consultarse na seguinte ligazón: [secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43](http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43)





## *Estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública*

Segundo o artigo 12 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, desenvolto por dita lei. No artigo 13 da devandita lei indícase que se entende por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún suxeito incluído no ámbito de aplicación da lei e que teñan sido elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

Os límites do dereito de acceso, segundo o artigo 14, cando o acceso á información supoña un prexuízo para: a seguridade nacional; a defensa; as relacións exteriores; a seguridade pública; a prevención, investigación e sanción de ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios; á igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva; funcións administrativas de vixilancia, inspección e control; os intereses económicos e comerciais; a política económica e monetaria; o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial; a garantía da confidencialidade ou o segredo requirido en procesos de toma de decisións; e a protección do medio ambiente. A aplicación destes límites debe ser xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade, atendendo ás circunstancias do caso concreto.

A Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno de Galicia, no seu artigo 24, exprésase en termos similares cando indica: todas as persoas teñen dereito de acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia. Entendendo por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato e soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Durante o 2019 recibíronse un total de 26 solicitudes de datos que se amparan nas leis e artigos anteditos. Con respecto aos datos do 2018 hai un aumento de 6 peticións amparadas no dereito de acceso, o que implica un aumento dun 30%.

As 26 solicitudes recibidas foron estimadas e concedidas un total de 23, estímase con concesión parcial 1 solicitude, arquivanse e denéganse 2 solicitudes. A concesión parcial fundaméntase no artigo 133 da Lei 9/2017, que trata sobre a obriga, por parte dos órganos de contratación de non divulgar información facilitada polos empresarios que estes teñan designado como confidencial no momento de presentar a súa oferta. Con respecto ao arquivo refírese a unha solicitude no que se lle requiriu á persoa solicitante que concretase a información solicitada e a que anos se refire. Ao non producirse a aclaración solicitada arquivase a mesma.

En canto á denegación esta fundaméntase no artigo 18 da Lei 19/2013, no que se reflicte a non obriga de entregar a información de carácter auxiliar ou de apoio contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos.

Dereito de acceso. Evolución 2018 e 2019		
Concesión	20	23
Concesión parcial	-	1
Arquivo	-	1
Denegación	-	1

Con respecto á forma en que se solicitaron as peticións: 10 foron realizadas a través do formulario web posto á disposición das persoas usuarias, que se pode atopar no Portal de Transparencia, 8 a través de correo electrónico e 8 no rexistro da Universidade. No ano 2019 non se produce ningunha petición a través da Comisión de Transparencia de Galicia.

Dereito de acceso. Medio de pedimento		
Portal formulario	9	10
Correo electrónico	6	8
Rexistro	3	8
Valedora do Pobo	2	0


Das solicitudes recibidas 18 foron de asignadas á Secretaría Xeral e 8 á Unidade de Análises a Programas, correspondendo as da Secretaría Xeral a peticións de documentos e as asignadas a UAP a petición de datos. Os temas dos que tratan son variados, dende datos relativos a cuestións académicas, tales como número de persoas matriculadas ou sexenios e valoración de actividade docente, pero tamén destacan as informacións solicitadas sobre cuestións económicas, tales como información sobre contratos ou expedientes de contratación, e información sobre persoal, por exemplo listas de contratación e datos PAS e PDI.

O tempo medio de resposta é de 21,46 días. Facendo unha análise polo miúdo podemos destacar o seguinte: nove das solicitudes son respondidas nos 10 primeiros días dende a solicitude; nove solicitudes son contestadas entre os 15 e os 30 días, polo que 18 solicitudes son contestadas no tempo que estipula a normativa para á súa contestación en prazo; dúas das solicitudes foron contestadas en prazo, tras unha ampliación do mesmo, unha foi arquivada por inactividade da persoa interesada, e 5 foron contestadas fóra de prazo.

Con respecto ao sexo das persoas que fan as solicitudes 14 delas son homes e 12 son mulleres. Dúas persoas actúan 2 en nome de persoas xurídicas.

Dereito de acceso. Tipo de información e tempo medio de resposta				
	2018	2019	2018	2019
Datos (UAP)	7	8	16,33	8,12
Documentos (Secretaría Xeral)	13	18	21,93	27,38

En canto ao número de peticións por persoa, vemos que durante o 2019 16 persoas fixeron unha única petición, mentres que 3 persoas fixeron 2 peticións e unha persoa realizou 4 peticións. É interesante recollelo posto que implica que as persoas consideran que o sistema de acceso é un medio adecuado e efectivo para acceder a información e repiten no seu uso.



## Portal de transparencia

### Xestión da información no Portal de Transparencia

A Universidade de Vigo, afianzando o seu compromiso coa transparencia, ten á disposición da cidadanía o seu *Portal de Transparencia* distribuído nos seguintes **oito bloques**: información institucional, información económica e orzamentaria, información sobre o persoal, UVigo en cifras, docencia, responsabilidade social, rankings e distincións e dereito de acceso á información pública.

Cada un destes bloques engloba información de diverso tipo, dende as axendas institucionais, a normativa, pasando pola información de diversos indicadores académicos ou os relativos á dereito de acceso á información pública. Nestes momentos a aplicación informática que sustenta o Portal de Transparencia non permite extraer os datos relativos a cales son os apartados, ou información, máis consultada dentro do mesmo.

Con respecto ao Portal de datos abertos, debemos indicar que, segundo se especifica na disposición transitoria do Regulamento de Transparencia, no prazo de seis meses dende a entrada en vigor do mesmo, a Universidade debe publicar o Portal de Datos abertos, e a disposición de información pública a través de dito portal farase de xeito progresivo conforme estea

dispoñible. No momento de realización deste informe o Portal de Datos abertos aínda non se atopa operativo, ao non dispoñer a UVigo de medios técnicos propios para a realización dun Open Data.

Universidade de Vigo Portal de transparencia da Universidade de Vigo

Inicio Que é o portal de transparencia? Portal de transparencia Formulario de solicitude de datos Idioma

- Información institucional**  
Órganos de goberno e representación, estrutura organizativa, normativas, plans institucionais [...]
- Información económica e orzamentaria**  
Orzamento, contratación, subvención, patrimonio, convenios [...]
- Información sobre o persoal**  
Relación de postos de traballo, retribucións, compatibilidade [...]
- Uvigo en cifras**  
Portal de datos estatísticos e panel de indicadores da Universidade de Vigo [...]
- Docencia**  
Oferta académica, guías docentes, perfil do profesorado [...]
- Responsabilidade social**  
Portal no que se recollen as actividades relacionadas coa responsabilidade social universitaria [...]
- Rankings e distincións**  
Posicionamento da Universidade nos principais rankings universitarios nacionais e internacionais. Principais premios e distincións obtidos por [...]
- Dereito de acceso á información pública**  
Estatísticas do portal, información sobre dereito de acceso e resolucións denegatorias [...]

Dentro da xestión diaria do Portal de Transparencia debemos destacar que se publican un total de 108 ficheiros ao longo do ano. A publicación deste ficheiros implica, en primeiro lugar, a recollida de datos de diversos servizos e unidades da UVigo. A recollida de información é realizada pola UAP, en diversos momentos ao longo do ano, un total de cento dúas peticións de datos e información que deben ser logo elaborada. Sobre a información recollida a UAP realiza diversas actividades e cálculos, como poden ser o cálculo de equivalencias a tempo completo, ou a realización de táboas e gráficos para facer máis comprensible e aumentar a usabilidade da información. Os datos recollidos e elaborados tamén se utilizan para a participación en diferentes rankings e a realización de estatísticas oficiais.

Dos 108 ficheiros que se publican no Portal de Transparencia, 45 son no apartado de UVigo en cifras, o que implica máis dun 41 % do total publicado, que coincide tamén co feito de que este sexa o apartado máis visitado.

Con respecto ao mes que máis publicacións acumula no 2019 é o de outubro, con 17 ficheiros, seguido por xaneiro e febreiro con 12 ficheiros cada un e xuño con 11 ficheiros. Sendo abril, con 6 ficheiros e novembro con 7, os meses que menos publicacións teñen. En calquera caso, non debemos esquecer que o importante non é o número de ficheiros que se publican, senón a complexidade da información e tratamento da mesma.

Durante o 2019 amplíase progresivamente a información dalgúns dos arquivos xa existentes, ampliando a súa capacidade de aportar novo coñecemento sobre diferentes items, mellorando a súa preparación e destacando a información máis relevante dos mesmos. É importante resaltar que no 2019 se crean 18 novos arquivos de información que non se publicaban con anterioridade. A nova información publicada no 2019 é a que se reflicte na seguinte táboa.

Nova información publicada no 2019	
Medidas antifraude.	Información económica e orzamentaria.
Guía de boas prácticas en materia de transparencia e protección de datos (CRUE)	Dereito de acceso, informes e novas.
Viaxes institucionais 2º semestre 2018.	Información sobre persoal.
Criterios que recollen os principais rankings.	Rankings, premios e distincións
Titulacións do equipo de goberno.	Información institucional.
Póliza de responsabilidade como autoridade e persoal.	Información institucional.
Titulacións da xerencia e persoal eventual.	Información institucional.
Curriculo do persoal eventual.	Información sobre o persoal.
Estadías de investigación realizadas fóra de mobilidade.	UVigo en cifras.
2014-2018 absentismos	UVigo en Cifras.
Indicador sobre información económica e orzamentaria, préstamos.	Información económica e orzamentaria.
Apertura de bibliotecas por curso académico.	UVigo en cifras.
Taxa de abandono verifica	UVigo en cifras.
Taxa de cambio de estudo	UVigo en cifras.
Execución orzamentaria	Información económica e orzamentaria Execución orzamentaria.
Gastos en publicidade	Información económica e orzamentaria Contratación.
Agasallos reitor	Información institucional- estrutura organizativa
Balance de compromisos polo equipo de goberno	Información institucional- estrutura organizativa

Ademais desta información que ten unha actualización manual unha parte dos indicadores que se atopan no Portal de Transparencia, sobre todo os que se poden consultar no apartado de UVigo en cifras, teñen unha actualización automática, tomando información directamente doutras aplicacións de xestión como Xescampus. A pesar de que existe esta actualización automática a UAP realiza comprobacións periódicas sobre ditos informes, e responde as consultas e dúbidas que sobre o mesmos trasladan as persoas coordinadores de calidade das titulacións.

### Datos sobre a información máis consultada no Portal de Transparencia e de datos abertos

No artigo número 22 do Regulamento de Transparencia da Universidade de Vigo, na súa letra c), indícase que o informe anual debe conter os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos.

Dentro da aplicación que soporta o Portal de Transparencia, e que é de acceso libre a través da web, podemos tomar as estatísticas de acceso coas cookies da aplicación Google Analytics. A información obtida indícanos que, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2019, acadáronse un total de 71.093 visitas totais. Das cales un total de 623 son realizadas para traballos internos, polo que as visitas reais son un total de 70.470.


Os datos indicados implican un total de 1.011 visitas máis que no ano 2018, o que implica un aumento dun 1,44 % de visitas con respecto a dito ano. O número de visitas realizadas para traballos internos sofre un importante descenso entre o 2018 e o 2019, 1.156 e 623 respectivamente, percibimos que o número de visitas reais aumenta en 1.544, o que implica un aumento dun 2,24%.

En canto á evolución, dende que se realiza a memoria de transparencia, podemos observar que o número de visitas aumentou un 14,80 %, mentres que o número de visitas por traballo interno sufriu un descenso de máis dun 50 % e o número visitas reais ten un aumento dun 16,20 %. Podemos ver, polo tanto, que o aumento de visitas é paulatino e constante, mentres que a actividade de traballos internos vese moi diminuída, probablemente pola mellora efectuada nos procesos internos da páxina.

Táboa de número de visitas

Vistas	2017	2018	2019	% valoración	% acumulada
Número total de visitas	61.924	70.082	71.093	+ 1,44 %	+ 14,80 %
Visitas de traballo interno	1.283	1.156	623	-46,10 %	-51,44 %
Número de visitas reais.	60.641	68.926	70.470	+ 2,24 %	+16,20 %

Evolución de visitas.



Dos diferentes bloques nos que está dividida a información dentro da web é o bloque de UVigo en Cifras, ao igual que no 2017 e no 2018, o que recibe a maior parte das visitas cun total de 40.591, as cales representan un 57,60% das visitas reais ao Portal. Debemos insistir que en dito apartado atopamos información sobre a maior parte dos indicadores oficiais da Universidade de Vigo, que son utilizados para diversos fins, entre eles a verificación de títulos, a súa acreditación ou diversas estatísticas internas e externas. Mentres que os apartados menos visitados son os relativos a: responsabilidade social, rankings premios e distincións e o de dereito de acceso á información pública. Todos eles con ao redor de 1.000 visitas e polo tanto con porcentaxes de visitas por debaixo dun 2% calquera deles, e unha porcentaxe acumulada de 3,85 % entre os tres.

Con respecto ao 2018, as visitas realizadas a UVigo en cifras sufriron un descenso dun 9,47 %, de 44.841 a 40.591 no 2019. Aumentan as visitas a case todos os bloques de información, excepto as visitas información do persoal e responsabilidade social.

Na seguinte táboa podemos ver os diferentes bloques da páxina principal do Portal de transparencia ordenados por números de visitas, e a súa evolución dende o 2018 ao 2019.

Táboa de bloques e números de visitas

Bloque	Número de visitas reais		% sobre vistas reais	
	2018	2019	2018	2019
UVigo en Cifras	44.841	40.591	65,06%	57,60 %
Páxina principal portal	9.735	10.315	14,12%	14,64 %
Oferta e demanda académica/Docencia	3.850	7.199	5,59%	10,22 %
Información institucional	3.897	4.628	5,65%	6,57 %
Información económica e orzamentaria	2.305	3.184	3,34%	4,52 %
Información sobre o persoal	2.113	1.839	3,07%	2,61 %
Responsabilidade social	975	951	1,41%	1,35 %
Rankings, premios e distincións	754	1.152	1,09%	1,63 %
Dereito de acceso á información pública	456	611	0,66%	0,87 %

A continuación pasaremos a desenvolver máis polo miúdo os bloques que teñen máis de 2.000 visitas, cunha suma acumulada entre eles de 65.917 visitas. Estes bloques son: UVigo en Cifras, oferta e demanda académica/ docencia, información institucional, e información económica e orzamentaria. O segundo bloque en importancia é o da propia páxina principal, non o desagregaremos xa que é a portada na que entran boa parte das persoas usuarias para logo dirixirse a información que precisan, que está reflectida nos outros bloques.



## UVigo en cifras

Tal e como comentamos con anterioridade é o bloque que máis visitas recibe, cun total de 40.591. Dentro deste bloque atopamos un total de 15 subapartados, entre eles: a información relativa ás titulacións oficiais, a avaliación da satisfacción ou as bolsas. Na seguinte imaxe e táboa podemos ver o conxunto de todos eles coas súas correspondentes visitas.

A continuación imos centrarnos na análise dos apartados de UVigo en Cifras que teñen máis de 2.000 visitas para estudar dentro deles que información é a máis consultada. Así, imos ver a información consultada dos apartados: titulacións oficiais, avaliación da satisfacción e profesores con horas de docencia. Podemos ver que a páxina principal ten un total de 7.595 visitas, o que pode ser debido a que esta páxina é a que boa parte das persoas usuarias visitan para logo seguir cara a información que realmente están a procurar.

UVigo en cifras 2018 e 2019

Apartado	Visitas 2018	% 2018	Visitas 2019	% 2019	variación interanual
Titulacións oficiais	17.086	38,10%	15.655	38,57 %	-8,38 %
Páxina principal	8.409	18,75%	7.595	18,71 %	-9,68 %
Avaliación da satisfacción.	4.974	11,09%	4.246	10,46 %	-14,64 %
Profesores con horas de docencia	2.808	6,26%	2031	5,00 %	-27,67 %
Persoal	2.517	5,61%	1.976	4,87 %	-21,49 %
Inserción laboral	1.712	3,82%	1.704	4,20 %	-0,47 %
Xestión económica e contratación	1.553	3,46%	1.412	3,48 %	-9,08 %
Datos xerais	1.361	3,04%	1.390	3,42 %	2,13 %
Programas de mobilidade	979	2,18%	1.002	2,47 %	2,35 %
Investigación e transferencia	755	1,68%	1.114	2,74 %	47,55 %
Títulos propios e formación complementaria	680	1,52%	629	1,55 %	-7,50 %
Prácticas	647	1,44%	479	1,18 %	-25,97 %
Bolsas	528	1,18%	477	1,18 %	-9,66 %
Infraestruturas	353	0,79%	363	0,89 %	2,83 %
Actividades culturais, deportivas e de divulgación	345	0,77%	305	0,75 %	-11,59 %
Medio ambiente	134	0,30%	213	0,52 %	58,96 %

Dos apartados que vemos no bloque de UVigo en Cifras é o referente as titulacións oficiais o que maior número de visitas recibe, con un total de 15.655, que representa un 38,57 % do total deste bloque e un 22,22 % sobre o total de visitas reais ao portal. Tal e como comentamos con anterioridade, o bloque de UVigo en Cifras recolle a maior parte dos indicadores e datos oficiais da Universidade de Vigo, os cales se atopan, á súa vez recollidos de xeito maioritario no subapartado de estudos de grao, 1º e 2º ciclo e máster, que sonas titulación maioritarias que se imparten na nosa universidade. Na táboa seguinte desagregamos os datos para chegar, co maior detalle posible, a información que resulta ser a máis consultada dentro do noso Portal de Transparencia. Os apartados que teñen un aumento máis importante, de ata seis veces sobre o ano 2018 é debido a que se trata de información que inicia a súa publicación a finais de dito ano e é en 2019 cando se consultan con maior asiduidade.

#### UVigo en cifras. Subapartado de Titulacións oficiais 2018 e 2019

Subapartado titulacións oficiais	Visitas 2018	% 2018	Visitas 2019	% 2019	variación interanual
Estudos de grao, 1º e 2º ciclo e máster	5.916	34,62%	4.861	31,05 %	-17,83 %
Titulacións oficiais	4.035	23,62%	3.591	22,94 %	-11,00 %
Estudos de grao, 1º e 2º ciclo e máster. REN.Rendemento	1.193	6,68%	1.210	7,73 %	1,42 %
Estudos de grao, 1º e 2º ciclo e máster. MAT.Matricula	881	5,15%	857	5,47 %	-2,72 %
Estudos de grao, 1º e 2º ciclo, e máster. GRA. Graduación.	813	4,76%	727	4,64 %	-10,58 %
Estudos de grao, 1º e 2º ciclo, e máster. PRE.GRA. Admisión de grao	756	4,42%	691	4,41 %	-8,60 %
Estudos de grao, 1º e 2º ciclo, e máster/ Catálogo de indicadores de centros e titulacións	617	3,61%	688	4,39 %	11,51 %
Estudos de grao, 1º e 2º ciclo, e máster. ACC. Acceso e matriculación inicial	672	3,93%	638	4,08 %	-5,06 %
Doutoramento	507	2,97%	534	3,41 %	5,33 %
Estudos de grao, 1º e 2º ciclo, e máster/ABA. Abandono	618	3,62%	499	3,19 %	-19,26 %
Notas medias titulacións	38	0,22%	294	1,88 %	673,68 %
Estudos de grao, 1º e 2º ciclo, e máster/ PRE:MAS: Administración de máster	377	2,21%	261	1,67 %	-30,77 %
Notas medias RD 1125/2003	32	0,19%	231	1,48 %	621,88 %
Doutoramento. /MAT.DOU. Matricula doutoramento RD 99/2011	106	0,62%	129	0,82 %	21,70 %
Doutoramento. / ACC.DOU. Acceso ao programa de doutoramento RD 99/2011	121	0,71%	117	0,75 %	-3,31 %
Doutoramento. /GRA. Dou. Graduación doutoramento RD 99/2011.	139	0,81%	110	0,70%	-20,86 %
Doutoramento. Catálogo de indicadores de doutoramento RD 99/2011.	112	0,66%	98	0,63 %	-12,50 %
Doutoramento. Evolución teses defendidas por curso académico.	96	0,56%	83	0,53 %	-13,54 %
Doutoramento/ Matricula en programas de doutoramento anteriores ao RD 99/2011.	57	0,33%	36	0,23 %	-36,84 %

Como podemos ver dentro do apartado de titulacións oficiais a súa páxina inicial recibe 3591 visitas, mentres que o seu subapartado estudos de grado, 1º e 2º ciclo, e máster é o máis visitado, xa sexa na súa páxina inicial (con 4.861 visitas), como nas que corresponden aos diferentes indicadores, os cales obteñen un total de 6.841 visitas. Polo que suman en total 10.432 visitas, o que representa un 66,64 % do apartado de Titulacións Oficiais e o 14,80% sobre o total de visitas do Portal de Transparencia.

Dentro dos indicadores relativos aos estudos de grao, 1º e 2º ciclo e mestrado son os de rendemento os máis consultados, con 1.210 visitas, seguidos dos de matrícula con 857 e dos de graduación con 727 visitas.

Dentro da información relativa aos estudos de doutoramento temos un total de 1.107 visitas. Sendo a páxina inicial e o indicador de graduación dos programas de doutoramento do RD99/2011 a información máis visitada, con 534 e 129 visitas respectivamente.

O segundo apartado máis visitado de UVigo en Cifras é o de Avaliación da Satisfacción, co un total de 4.246 visitas. Debemos destacar que este dato sofre un estancamento con respecto ao 2018, no que tivo 4.974 visitas. Neste apartado agora recóllese un maior número de enquisas, incluídas as da Área de Calidade da nosa universidade.

Dentro do apartado de avaliación de satisfacción, é a páxina relativa a enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais a que ten maior número de visitas, con 1.424, seguida da páxina principal deste apartado, con 1.199, que é dende a que se dirixen as persoas usuarias para logo consultar a restante información. As enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado teñen 829 visitas, seguidas polas enquisas de satisfacción de egresados/as, con 339 e a enquisa de satisfacción de PAS centros, con 188 visitas.

Na táboa seguinte podemos ver a información deste subapartado desagregada.

UVigo en cifras. Avaliación da satisfacción 2018 e 2019					
Apartado	Visitas 2018	% 2018	Visitas 2019	% 2019	variación interanual
Enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais	1.818	36,55%	1.427	33,61 %	-21,51 %
Avaliación da satisfacción páxina principal	1.544	31,04%	1.199	28,24 %	-22,34 %
Enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado	887	17,83%	829	19,52 %	-6,54 %
Enquisa de satisfacción de egresados/as	429	8,62 %	339	7,98 %	-20,98 %
Enquisa de satisfacción de PAS centros	162	3,26 %	188	4,43 %	16,05 %
Enquisas de satisfacción do estudiantado do programa de maiores (páxina principal)	63	1,27 %	72	1,72 %	14,29 %
Enquisas de satisfacción de doutoramento	37	0,74 %	129	3,04 %	248,65 %
Enquisas de satisfacción do estudiantado do programa de maiores	34	0,68 %	63	1,48 %	85,29 %



O terceiro apartado en ser consultado é o relativo ao **profesorado con horas de docencia**, que ten un total de 2.031 visitas, das cales 1.425 son da súa páxina inicial. Os indicadores das horas de docencia de grao e mestrado reciben 977 visitas, a formación e mobilidade do profesorado en grao e mestrado recibe 320 visitas e o profesorado en doutoramento 86 visitas, tal e como se pode comprobar na seguinte táboa.

#### UVigo en cifras. Profesorado con horas de docencia 2018 e 2019

Apartado	Visitas 2018	% 2018	Visitas 2019	% 2019	variación interanual
Profesorado con horas de docencia	1.425	50,75 %	1.025	50,47 %	-28,07 %
DOC. Profesorado con horas de docencia en grao e mestrado	977	34,79 %	737	36,29 %	-24,56 %
FOR. Formación e mobilidade do profesorado en grao e mestrado	320	11,40 %	191	9,4 %	-40,31 %
DOC. Dou. Profesorado en doutoramento	86	3,06 %	75	3,69 %	-12,79 %
MER. Profesorado doutor, quinquenios, e sexenios	—	—	3	0,15 %	—

#### Oferta e demanda académica/Docencia

Neste apartado pódese consultar información relativa a:

- Oferta académica relativa aos estudos e titulación da Universidade de Vigo: graos e PCEO, mestrados, doutoramento, outros cursos, planos en extinción, programa de maiores, centro de linguas, área de normalización lingüística e cursos de extensión universitaria.
- Guías docentes.
- Demanda académica, para estudos de grao, mestrado e doutoramento.
- Axudas e bolsas: información sobre xestións axudas e bolsas, axenda, buscador de convocatoria de bolsas e portal de avisos.

Ademais de accesos para poder consultar indicadores sobre resultados académicos, profesorado, resultados de satisfacción, mobilidade, inserción laboral e prácticas en empresa, que se atopa en UVigo en cifras.

No 2017 este apartado tivo un total de 630 visitas, mentres que no 2018 recibe un total de 3.850, e no 2019 un total de 7.199, o que implica que esta páxina aumenta de xeito constante o seu interese para os visitantes.

Dentro deste bloque é o apartado de axenda calendario relativa a bolsas, con 6.554 visitas a información máis consultada. Debemos ter en conta que se trata, sen dúbida, dun apartado moi interesante para as persoas que solicitan axudas e bolsas.

#### Portal de transparencia. docencia 2018 e 2019

Subapartado	Visitas 2018	% 2018	Visitas 2019	% 2019	variación interanual
Axenda de xestión de axudas e bolsas.	3.086	80,16 %	6.544	91,04 %	112,38 %
Docencia oferta académica	734	0,78 %	586	8,14 %	-20,16 %

## Información institucional

Neste bloque do Portal de Transparencia pode consultarse información relativa a:

- Misión da Universidade de Vigo.
- Órganos de Goberno da Universidade.
- Órganos de representación.
- Eleccións.
- Axendas do Reitor e do/a xerente.
- Código ético.
- Estrutura organizativa.
- Entidades vinculadas: Fundación Universidade de Vigo, Cidade Universitaria e entidades vinculadas de investigación.
- Plans e programas institucionais: Plan estratéxico da Universidade de Vigo, Plan de Igualdade, Plan de sostibilidade e medio ambiente, Plan operativo e de xestión e Plan de Internacionalización Lingüística e plan de divulgación científica.
- Normativa: Estatutos da Universidade de Vigo, Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo, recompilación de normativa, proxectos sometidos á información pública e actas e acordos de órganos colexiados de carácter xeral (Claustro, Consello de Goberno, Consello Social).
- Calidade e participación: cartas de servizo, certificacións e acreditacións, memorias de actividade, caixa de queixas, suxestión e parabéns, informe de QSP, indicadores de satisfacción da sección de UVigo en cifras.

Durante o ano 2017 recibíronse un total de 1.932 visitas, mentres que no 2018 o número de visitas foi de 3.897, o que implica que o número das mesmas duplicouse entre os dous anos. Mentres que no 2019 o número de visitas é de 4.628, o que confirma o aumento paulatino de visitas deste apartado. A explicación a este feito pode ser debida a unha reestruturación e aumento da información que se atopa neste apartado.

Dentro deste apartado a axenda do Reitor é o apartado máis visitado, seguido da axenda de Xerencia e a da Secretaría xeral, segundo se pode ver na seguinte táboa.

Portal de transparencia. Información institucional 2018 e 2019					
Subapartado	Visitas 2018	% 2018	Visitas 2019	% 2019	variación interanual
Axenda do Reitor	1.885	55,9 %	2.588	55,92 %	37,29 %
Información institucional	1.384	27,4 %	1.270	27,44 %	-8,24 %
Axenda Xerencia	497	9,7 %	450	9,72 %	-9,46 %
Axenda para o alumnado de Grao	-	-	258	5,57 %	-

## Información económica e orzamentaria

Este bloque recibe un total de 3.184 visitas, das cales 2.324 son da súa páxina principal, 384 corresponden a consulta de información sobre contratación, e as restantes son de consultas de convenios, información patrimonial e encomendas de xestión. Con respecto ao 2018 esta apartado experimenta un aumento dun 38% de visitas.

Neste bloque podemos consultar información relativa a:

- Plan de financiamento do Sistema Universitario Galego 2016-2020.
- Orzamentos, contas anuais e informes de auditoría.
- E ten os subapartados de: contratación, información patrimonial, encomendas de xestión, convenios, medidas antifraude, subvencións, execución orzamentaria, préstamos, concesións administrativas e indemnizacións por razón de servizo.

Neste bloque tamén aparecen enlaces a indicadores económicos (de facturación, período medio de pagamento á provedores), de contratación, orzamentarios, e financeiros, que se atopan en UVigo en Cifras.

Dentro deste apartado do Portal de Transparencia é o relativo á información económica a orzamentaria o que ten maior número de visitas, seguida por contratación e información patrimonial, como se pode ver na seguinte táboa.

## Portal de transparencia. Información económica e orzamentaria 2018

### Portal de transparencia. Información económica e orzamentaria 2018 e 2019


Subapartado	Visitas 2018	% 2018	Visitas 2019	% 2019	variación interanual
Información económica e orzamentaria	1493	64,77 %	2.324	72,99 %	29,62 %
Información económica e orzamentaria. Contratación.	482	20,91 %	384	12,06 %	-50,90 %
Información económica e orzamentaria. Información patrimonial.	151	6,55 %	122	3,83 %	-19,21
Información económica e orzamentaria. Medidas antifraude.	-	-	102	3,20 %	-
Información económica e orzamentaria. Encomendas de xestión.	101	4,38 %	81	2,54 %	-19,80 %
Información económica e orzamentaria. Encomendas de xestión.	78	3,38 %	96	3,02 %	23,08 %
Información económica e orzamentaria. Encomendas de xestión.	-	-	27	0,85 %	-
Información económica e orzamentaria. Execución Orzamentaria.	-	-	25	0,79 %	-
Información económica e orzamentaria. Subvencións	-	-	23	0,72 %	-

### Información xeral sobre as visitas ao portal de transparencia


Nesta sección vai reflectirse algunha información que pode ser de interese con respecto ás visitas ao Portal de Transparencia. Esta información ten que ver, por exemplo, co país dende o que proceden as persoas usuarias, cidade dende a cal realizan as súas visitas ou tipo de dispositivo que usan.

Se revisamos polo miúdo o país, idioma e cidade de acceso, podemos ver que o país maioritario dende o que acceden as persoas usuarias é España, co 93,5 % peso total. O segundo país en importancia é Portugal, cun 1,4 %, mesma porcentaxe que ten Estados Unidos, e moi similar a de Brasil con 1,2 % No gráfico que se inxire a continuación poden verse o número de visitas e porcentaxes dos diferentes países.

Porcentaxe de persoas usuarias por país 2019




### Porcentaxe de usuarios por cidade2019



Con respecto ás cidades dende as que se producen as visitas, podemos comprobar no gráfico que se ve a continuación, que Vigo é a principal provedora de persoas usuarias, cun 45,38 %, seguida de Madrid e Ourense cun 11,57 % e un 8,86 %, respectivamente. Con un 12,78 % porcentaxe temos unha serie de persoas usuarias dos que non coñecemos a súa cidade de procedencia. Mentres que Pontevedra e Santiago de Compostela obteñen un 6,33 % e un 5,55 %, respectivamente.


En canto ao idioma, identificado no navegador que se usa para o acceso ao Portal de Transparencia, podemos observar que o máis utilizado é o español cun 90,01 %, seguido do inglés, cun 5,03 %, o Portugués, cun 2,54 % e o galego cun 2,42 %. Dentro do idioma español atopamos que os diferentes usuarios utilizan nun 92,08 % o español de España, mentres que 1,8 % usan o español latino e un 0,84 % o español de Estados Unidos.

### Idioma do navegador 2019




Con respecto ao momento do ano no que se máis persoas usuarias visitan a páxina, no gráfico que se inxire a continuación vemos que os meses que maior número teñen son os de xullo, con 1.565, e o último cuadrimestre do ano, onde atopamos 1.410 visitas en setembro e 1.396 en novembro.

### Número de usuarios por mes 2019.



Con respecto ao número de persoas usuarias por día da semana observamos que os días que maior número de usuarios reciben son os martes, seguido polos mércores, luns e xoves. Tal e como se poden ver no gráfico que se acompaña.


### Número de usuarios por día da semana 2019.




Finalmente cabe destacar que o dispositivo de acceso máis usado polas persoas usuarias é o PC de sobremesa cun 70 % de uso, mentres que o acceso dende dispositivos móbiles, tanto móbil como táblet, ten un importante ascenso dende o ano 2018, debido sobre todo ao uso de móbiles que aumenta en 11 puntos.


En relación coas canles de acceso empregadas polas persoas usuarias para entrar no Portal de Transparencia observamos que o tráfico producido utilizando un enlace referenciado noutra web é o medio máis utilizado. Dentro deste tipo de acceso é o enlace do Portal que se atopa na web principal de UVigo o máis utilizado con 5.812 persoas usuarias. Mentres que o tráfico directo, o que accede usando a propia dirección do Portal de Transparencia, é de 1.709 persoas usuarias. Nos gráficos que se acompañan pode verse a información desagregada.

Porcentaxe por tipo de dispositivo 2018 2019



Porcentaxe por medio do tráfico 2019





## *A relación de reclamacións presentadas contra a denegación de solicitudes de acceso*

Segundo o artigo 24 da Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro) fronte a toda resolución, expresa ou presunta, en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativo. As resolucións de dito Consello deben ser publicadas, previa disociación dos datos de carácter persoal que contiveran, por medios electrónicos unha vez se teñan notificado ás persoas interesadas.

Así mesmo, no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, as reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública poderán interpoñerse perante o Valedor do Pobo e deben ser publicadas no Portal de transparencia da entidade. Segundo o artigo 33 da mesma lei créase a Comisión de Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo. Debe ser a Comisión de Transparencia a que resolva as reclamacións fronte ás resolucións de acceso que establece o artigo 28 desta lei.

Dende que se establece o procedemento para a presentación de solicitudes do dereito de acceso na Universidade de Vigo tan só existen tres reclamación deste tipo, unha correspondente ao ano 2016 e dúas ao ano 2018. O contido de ditas resolucións, por parte da Comisión de Transparencia de Galicia poden ser consultada no seguinte enlace:  
[secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43](http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43)

No 2019, a Universidade de Vigo non tivo ningunha reclamación presentada contra a denegación de solicitudes de dereito de acceso.

---

---

---

---

---

---


---

---

---

---





## Posición nos rankings de transparencia

### Fundación Compromiso y Transparencia

A Fundación Compromiso y Transparencia, coa misión de fortalecer a confianza da sociedade nas institucións e empresas promovendo a transparencia, o bo goberno e o compromiso social, realiza diversas publicacións, entre elas o “Examen de transparencia. Informe de transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas”. Este informe realízase dende o ano 2011 e é de axuda inestimable para que as universidades públicas poidan continuar progresando na transparencia na web. O obxectivo principal dos informes desta fundación é impulsar a transparencia na web e desenvolver un conxunto de áreas e indicadores comúns a partir dos cales as universidades poidan ir enriquecendo a súa rendición de contas. No ano 2016 a Universidade de Vigo atópase neste ranking no grupo das universidades transparentes, que está integrado por aquelas que compren con polo menos 20 dos 27 indicadores de transparencia

No seu informe, referido ao exercicio 2016, esta fundación xa informaba que tomaba a decisión de dar por finalizada a serie de rankings anteriores, comezando cunha nova xeración que inclúa indicadores máis centrados en aspectos relacionados coa gobernanza das universidades e o seu impacto na sociedade.

Iniciando, ao mesmo tempo un proceso de consulta para determinar cal sería a metodoloxía que se considera máis adecuada ao respecto. Deste xeito no 2019 publica o “Exame de transparencia 2018. Informe de transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas”. Nesta anualidade a Universidade de Vigo atópase entre as universidades públicas consideradas como transparentes, cun total de 44 puntos, o que a sitúa no **sexto posto**, xunto coa Universidade de Castilla la Mancha, a de Madrid e a RoviraVigili.

### Transparentes

Universidad de Burgos	49
Universidad de Cantabria	48
Universidad Rey Juan Carlos	47
Universidad de Córdoba	46
Universidad de Cádiz	45
Universidad de Castilla la Mancha	44
Universidad de Vigo	44
Universidad Autónoma de Madrid	44
Universidad Rovira i Virgili	44

A pesar do importante grado de cumprimento dos ítems que se desenvolven neste ranking hai algúns un puntos onde o cumprimento é nulo ou parcial:

- Indicadores que non se compren
  - Plan estratéxico.
  - Información xeral do PDI.
  - Informe de responsabilidade Social (Consello Social).
  - Informe de control (Consello Social).
- Indicadores que se compren parcialmente
  - Oferta e demanda
  - Evolución de demanda

### *Dyntra (DinamicTransparency Index)*

Por outra banda, no 2017 a plataforma *Dyntra* (DinamicTransparencyIndex) xorde como a primeira plataforma colaborativa no mundo, que traballa na medición e xestión do goberno aberto nas organizacións e na sociedade civil. O seu obxectivo é medir a información pública de Gobernos, Administracións Públicas, partidos políticos, cargos electos e diferentes actores sociais, dunha maneira dinámica, eficiente, transparente e aberta. Esta organización, a través dunha plataforma colaborativa, avalía un total de 132 indicadores para determinar o grao de transparencia das universidades. Na avaliación que se estaba realizando no mes de **decembro do 2019** a posición da Universidade de Vigo era a terceira, o que implica unha mellora de seis postos con respecto á avaliación do 2018, cumprindo un 86,86 % dos indicadores, un total dos 119 indicadores dos 137 referidos. Debemos de ter en conta que se trata dun ranking absolutamente dinámico, polo que a posición dunha institución varía constantemente, en función do grao de cumprimento de indicadores en cada momento.


#### Rankings de transparencia

Posición	Entidade	Porcentaxe
1	Universidad de Burgos	91,97 %
2	Universidad de Murcia	87,59 %
3	Universidad de Vigo	86,86 %
3	Universidad de Valladolid	86,86 %
6	Universidad Rey Juan Carlos	78,1 %
6	Universidad de Zaragoza	77,37 %
7	Universidad de A Coruña	76,64 %
8	Universidad de Cádiz	75,18 %
8	Universidad de Cantabria	75,18 %
10	Universidad Pompeu Fabra	72,26 %

Algúns indicadores que non cumpre á UVigo, segundo os diferentes apartados, son:

- Due119 A declaración da renda do Reitor/a e Vicerreitores/as.
- Due1111 A declaración patrimonial, bens e actividades do Reitor/a e Vicerreitores.
- Due1117 Existe unha Caixa do Reitor/a.
- Due125 A declaración patrimonial, bens e actividades do Secretario Xeral, Xerente e Decanos/as.
- Due127 Existe enlace a redes sociais do Secretario/a Xeral, Xerente e Decanos/as
- Due134 As titulacións que acreditan a formación recollida no c.v. do persoal eventual.
- Due145 Publícase a relación de bens mobles de valor histórico-artístico e/ou dos de alto valor económico da Universidade.
- Due 146 Publícase o inventario de Bens e Dereitos da Universidade.
- Due1613 Publícanse as regras e procedementos vixentes para a eliminación de documentos.
- Due1614 Existe e publícase un Plan de Absentismo Laboral.
- Due1615 Publícanse os datos anuais sobre absentismo laboral, así como a evolución nos últimos 5 anos.
- Due215 Existe un módulo na web institucional que permita a **acesibilidade** universal á información publicada.
- Due241 Existe un portal **Open Data**.
- Due321 Existen ferramentas que permitan a consulta e **participación** do alumnado nos procesos de toma de decisión.
- Due324 Publícanse estas propostas para a súa deliberación pública.
- Due325 Publícase a información relativa á **Rendición de Contas** a través dalgunha ferramenta ou visor, que permita ós cidadáns coñecer o grao de cumprimento dos **compromisos electorais do reitor durante a lexislatura**.
- Due426 Existe un visor de Transparencia Económica-Financeira onde se amosen os datos do orzamento e o seu estado de execución de forma gráfica, clara, accesible e entendible pola cidadanía.
- Due5212 Publícanse as Concesións administrativas asinadas pola entidade

Dende a UAP no mes de novembro do 2018 realizouse un informe sobre os indicadores deste ranking e as accións para poder acadar unha mellor posición no mesmo, moitas delas foron implantadas ao longo do 2019. No seguinte gráfico pode verse a evolución cronolóxica da transparencia na Universidade de Vigo, segundo este ranking





---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

## *Información de contacto*

### *Unidade de análises e programas*

Edificio Filomena Dato  
As Lagoas Marcosende s/n  
36.310 Vigo (Pontevedra)  
Tel. 986 818 689

<https://UVigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-analises-programas>

